



O PELOTAZO DA CROS

Xa en Febreiro do pasado ano 2024, Rioboo presentou no pleno a súa proposta para un dos maiores patrimonios públicos do Concello de Culleredo, o seu plan era ceder a Cros a unha fundación privada durante 50 anos e a día de hoxe, esa segue sendo a súa idea.

O BNG de Culleredo votou en contra desta proposta. A Cros debe destinarse a servizos públicos.

Rioboo quiere entregar a Cros a unha entidade privada
O BNG de Culleredo esixe que se destine a uso público

#ACrosÉDoPobo

A comezos do 2024 xa intentaron regalar a Cros ao CETIM

En febreiro de 2024 o goberno municipal xa levou a un pleno extraordinario a súa proposta de ceder os terreos da Cros a unha fundación privada durante nada menos que 50 anos. A proposta incluía **a recualificación de dúas parcelas** (máis de 15.000 m² entre o edificio e o terreo) para uso dotacional, co obxectivo de trasladar alí a actividade dunha fundación privada que xa estaba naquela altura traballando nunha nave no polígono de Albedro.

A comezos do 2024 xa intentaron regalar a Cros ao CETIM e a oposición bloqueou esta posibilidade por unanimidade.

A oposición, ao completo, votou en contra da modificación urbanística, polo que a concesión quedou automaticamente bloqueada. A proposta foi presentada sen debate previo á veciñanza nin garantías sobre o uso público que o CETIM lle daría ao espazo.

Desde o BNG fixemos unha oposición firme, responsable e construtiva. Denunciamos que o goberno pretendía entregar o maior patrimonio do Concello a unha entidade privada, sen participación cidadá nin planificación urbanística clara. Reclamamos un proxecto ambicioso, aberto, transparente e con visión de futuro; no que a Cros se recupere como espazo de encontro, cultura, innovación e servizos para todas e todos. De feito, xa existía un proxecto para facer da Cros un centro cultural de referencia para toda a comarca.



— ...FRONTE AO #PPSOE

Van dar a Cros, de balde?

Hai alternativa, O BNG ten un compromiso firme coa defensa do patrimonio público fronte a especulación disfragada de tecnoloxía. Un proxecto para a xente. Algúns datos:

QR AO
VÍDEO DO
PROXECTO



PROXECTO DÍAZ E DÍAZ ACTUALIZABLE

O proxecto Centro Cultural Fábrica Cros custou no seu momento 200.000 euros. Aínda precisando dunha actualización, segue sendo un proxecto que pon o foco nos servizos as veciñas e veciños de Culleredo e de toda a Comarca.



QUE É O CETIM

QUE É O CETIM?

O CETIM é unha fundación privada que se presenta como centro tecnolóxico e recibe fondos públicos, pero non cumpre cos principios mínimos de transparencia: non publica as contas claras, nin convenios, nin retribucións, nin ofrece información accesible sobre a súa actividade.



QUE GAÑA
CULLEREDO

QUE GAÑA CULLEREDO CON ESTA CESIÓN

O CETIM xa conta cunha nave no polígono de Albedro. Cederlle agora a fábrica Cros non supón ningún beneficio novo para Culleredo: non crea novos servizos non achega cultura, non xera espazo público. Só significa entregar un ben común sen contrapartidas reais.

QUE CAMBIOU PARA QUE O VOLVAN TRAER A PLENO

A cousa parece estar clara, a voceira do PP recoñeceu en pleno que o seu grupo leva traballando meses nunha opción con garantías para a Cros e o goberno local retirou este punto da orde do día por estar pendente dun novo informe da Xunta. Únese para regalar a Cros. É dicir, a abstención do PP nas votacións no Pleno non fan máis que apoiar o sentido do voto do goberno municipal: se Rioboo quere ver aprobadas as súas propostas sempre conta coa abstención do PP.

25 DE XUÑO
PLENO



O TERREO DA CROS

A parcela, foi unha cesión urbanística obrigatoria, dando cumprimento á Lei do solo, pola urbanización da contorna onde agora non hai moitos centos senón miles de vivendas e onde viven milleiros de persoas. Trátase de dúas parcelas. O edificio que ocupa son 3.000 metros cadrados, máis os 12.000 metros cadrados que o rodean. En total 15.000 metros cadrados de agasallo a unha Fundación privada por 50 anos.

QR A
CAMPAÑA DO
BNG EN
REDES



DENDE O BNG PROPOÑEMOS

Publicar o proxecto Centro Cultural Fábrica Cros na páxina web para poder ser consultado por toda a poboación. Iniciar os contactos para plasmar un convenio nos termos nos que se materializaría a solicitude de fondos para financiar o Centro Cultural Fábrica Cros e bloquear calquera contacto para darlle un uso alternativo.

NON A
ESPECULACIÓN

*Sen loita non hai dereitos,
o noso patrimonio depende
de todas e todos nós.*

#ACrosÉDoPobo



O BNG IMPULSA O PROXECTO CENTRO CULTURAL FÁBRICA CROS

No Pleno de xuño o goberno municipal deixou claro que ten decidido ceder a fábrica Cros ao CETIM, unha fundación privada. Faino sen abrir un verdadeiro debate público, sen participación cidadá, sen explorar alternativas.

Pero a parcela da Cros non é calquera terreo. Foi unha cesión obrigatoria, como parte a urbanización do Burgo, e xa e xa se investiron nela millóns de euros para a descontaminación e consolidación da estrutura da fábrica. Por iso se construíron alí dotacións públicas como o Centro de Día e a Escola Infantil.

Continuando nesa liña o BNG defende **un centro de referencia comarcal**, pensado para Culleredo, Cambre e Oleiros. Un espazo

Un Centro Cultural público de referencia comarcal

que atenda ás necesidades da veciñanza: cultura, encontro, servizos públicos. Xa en 2016 propuxemos un proxecto conxunto para captar fondos euro-

peos. A idea segue vixente. Só falta vontade.

É esa a aposta que fixemos no pleno: recuperar a ambición de facer da Cros un motor cultural e social para a comarca. Porque apostar pola cultura non é nostalxia, é futuro.

A fábrica Cros ten, máis alá do espazo físico, unha compoñente de patrimonio emocional sentido pola poboación da contorna, non só do Burgo senón do Temple, da Barcala, de Vilaboa, de toda a Comarca, tanto por ser unha icona visual para os transeúntes como pola cantidade de xente que traballou alí en todos os anos da súa existencia sendo o seu medio de vida e centro das súas relacións sociais.

SABÍAS QUE

O CONSELLO DE CONTAS DÁ A RAZÓN AO BNG DE CULLEREDO

Debido a denuncia do BNG, o Consello de Contas recoñece nun informe que o goberno de Rioboo usa os cartos públicos ao marxe da legalidade de forma moi grave. Podes consultar o informe completo no QR



O BNG PRESENTOU UNHA MOCIÓN POLA FALTA DE INTERVENTORA

Levamos meses cun Concello paralizado pola ausencia da interventora. Aprobamos por unanimidade que o goberno local reclame de inmediato unha nova profesional para desbloquear a situación e garantir un funcionamento normal da administración

VÍA ÁRTABRA SI, PERO NON POR AÍ

O BNG oponse ao trazado proposto polo alcalde de Oleiros e o partido popular porque non responde as necesidades de vertebración e comunicación e impide un desenvolvemento urbanístico máis armónico da Comarca da Coruña. Este non é so un problema do concello de Cambre senón que afecta a toda a Comarca.

VIVENDA DIGNA E ACCESIBLE

A nosa moción puxo sobre a mesa a falta de planificación e a dificultade crecente para acceder a vivenda no Concello, especialmente a mocidade. Loitamos por medidas concretas e políticas públicas que garantan o dereito a vivir en Culleredo con dignidade.

GALIZA POLA PAZ

Levamos meses recibindo mensaxes alarmistas e asistindo a unha política constante e consciente para instalar na opinión pública o medo. O único camiño é a Paz.



Somos xente traballadora e comprometida con Culleredo, polo que sempre estamos dispostos a dar voz ás túas demandas. Contáctanos a través de calquera destes medios.